



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Logo de ver o expediente 2017/C003/000001 relativo á contratación da obra “Rede de Abastecemento na Parroquia de Tallo”, tramitado polo procedemento negociado sen publicidade, de tramitación urgente.

Logo de ver a resolución da alcaldía de data 19-12-2017 na que se prestou aprobación ao proxecto “Rede de Abastecemento na Parroquia de Tallo”, redactado polo arquitecto técnico municipal D. Andrés Breijo Castrillón, cun orzamento de execución de 126.920,83 euros, Ive incluído.

Logo de ver a resolución da alcaldía de data 16-01-2018, na que se aprobou o expediente de contratación, dispuxo igualmente a aprobación do gasto polo importe de 104.893,25 euros, máis 22.027,58 euros de IVE, totalizando 126.920.83 euros, con cargo á partida orzamentaria 161.609.00, e se dispuxo á invitación ao procedemento ás seguintes empresas: Jardinería Arce, SL; Construcciones López Cao, SL; e Canarga, SL.

Tramitado o procedemento a mesa de contratación na data de 26-02-2018 acordou elevar á proposta de adxudicación a prol da oferta considerada como máis vantaxosa economicamente no seu conxunto que se correspondía coa presentada por CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L, no prezo proposto de 104.400,00 euros máis IVE, e requiríase a constitución da fianza definitiva e da documentación esixida na cláusula 18.3 do PCA. A empresa Construcciones López Cao, SL, consitueu a fianza definitiva e presentou a documentación requirida, e a mesa de contratación na data de 16-03-2018, comprobada a documentación presentada, préstalle a súa conformidade, e eleva a proposta de adxudicación.

Logo de ver o informe de fiscalización previa da fase de adxudicación da obra, emitido pola Intervención Municipal na data de 02-04-2018, o cal se emite coa fiscalización de conformidade.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente, en especial a disposición adicional segunda do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público,

RESOLVO

Primeiro.- Adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L., o contrato de obra “REDE DE ABASTECIMIENTO NA PARROQUIA DE TALLO”, no prezo de 104.400,00 euros, máis IVE, sendo o prazo de execución de 60 días naturais, con suxeición ás condicións establecidas na súa proposta e ao disposto no Prego de Cláusulas Administrativas, dispoñendo o gasto con cargo á partida orzamentaria 2018.161.609.00.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Segundo.- Notificar a presente adxudicación a todos os licitadores e requirir ao adxudicatario para que, no prazo de 15 días hábiles, a contar desde o seguinte á data da notificación da presente, compareza na Casa do Concello de Ponteceso, sita na rúa Concello 18, para a sinatura do contrato administrativo da obra "Rede de Abastecemento na Parroquia de Tallo", ao que se unirá, como parte integrante do mesmo os pregos de cláusulas administrativas. Deberá comunicar, co carácter previo, o nome do representante legal da empresa para a sinatura do contrato, e no suposto de que non puidera acudir presencialmente a sinatura do contrato administrativo deberá comunicar dita circunstancia e solicitar dentro do mesmo prazo copia do contrato para proceder á súa sinatura ante notario. No caso de non formalizarse o contrato no prazo indicado entenderase que o mesmo non foi perfeccionado e procederase a declaralo deserto.

Terceiro.- Publicar a adxudicación e formalización do contrato de obras, de "REDE DE ABASTECIMENTO NA PARROQUIA DE TALLO", no perfil do contratante

Cuarto.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de acordo co disposto no artigo 333.3 do TRLCSP, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Diante miña, dou fe:
O secretario acctal

O alcalde

Emilio Caínzos Quintás

Xosé Lois García Carballido